

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7 DE FEBREIRO DE 2005.**

- 1.- Acta da sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2005.

### **BENESTAR SOCIAL**

- 2.- Prestación de servizos de axuda no fogar. Alta exptes:12/927, 23/515, 1/366, 22/1177, 4/862.
- 3.- Solicitud de subvención á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o financiamento do Programa de educadores familiares. Expte.11257/301.
- 4.- Solicitud de autorización da traballadora social da Oficina de Emigración, M<sup>a</sup> Jesus Lago Vilaboa, de asistencia oa II Master de emigración e retorno. Expte.11247/301.
- 5.- Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social no mes de decembro de 2004.

### **DEPORTES**

- 6.- Proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal S.L. para o concurso hípico internacional de saltos de Vigo (Copa do mundo de hípica). Expte.5117/333.
- 7.- Solicitud da Federación Galega de Deportes para Minusválidos Psíquicos de autorización para celebrar o Campionato galego de campo a traves 2005, o 16 de febreiro en Castrelos. Expte.5125/333

### **DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO**

- 8.- Proxecto “Escola Obradoiro Mar de Vigo III”.Expte.3001/077.

### **EDUCACIÓN**

- 9.- Xestión directa polos Consellos escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2005. Expte 6484/332.

### **PATRIMONIO E CONTRATACIÓN**

- 10.- Revisión de prezos do contrato de instalacións, limpeza, mantemento de contedores e papeleiras dentro do termo municipal de Vigo. Expte 16687/240.
- 11.- Proposta de modificación do prego de cláusulas administrativas para a contratación das obras de mellora de saneamento de Vigo aprobado pola Xunta de Goberno de 10.01.05. Expte. 498/241.
- 12.- Informe sobre o vencemento da marca “Opción Vigo”. Proposta de non renovación. Expte.545/241.
- 13.- Reclamación de danos:
  - a) Isolde Reimers Lang.Expte.15414/240. Desestimada.
  - b) Josefa González Fernandez. Expte.15320/240. Desestimada.

#### PERSOAL

- 14.- Proposta para a implantación dunha campaña de desratización durante o ano 2005 que realizará o persoal municipal do Servizo de Desinfección. Expte. 15563/220.
- 15.- Bases do concurso de traslados para a cobertura dun posto de técnico medio de servizos económicos. Expte. 100506/140.
- 16.- Contratación laboral-temporal, por período de tres meses, de dous administrativos e dous auxiliares administrativos para o Servizo de Admón. de Tributos. Expte. 15564/220.

#### URBANISMO

- 17.- Modificación puntual do estudio de detalle da U.E. IV-02 Palencia para construción de escola infantil municipal. Aprobación inicial. Expte 9456/411.
- 18.- Proxecto de urbanización do PERI da U.A. 3 Casas. Aprobación inicial. Expte. 4546/401.
- 19.- Recepción de obras ordinarias na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Marqués de Valterra. Expte. 4435/401.
- 20.- Recepción de obras complementarias de urbanización na U.A. Roupeiro. Expte. 4525/401.
- 21.- Proxecto de expropiación da rúa Gandarón (vias industriais de Lavadores). Expte. 152/413.
- 22.- Proxecto de expropiación da rúa Manuel Alvarez (vias industriais de Lavadores). Expte. 147/413.

#### VIAS E OBRAS

- 23.- Devolución fianza a MANUEL LORENZO MURADAS, S.A. por ocupación da vía pública cun valado de obra na Travesía de Vigo, 128. Expte 20688/511.

#### VOLUNTARIADO

- 24.- Solicitud de subvención á Consellería de Familia, Xuventude, Deportes e Voluntariado para o fomento e realización de actividades de voluntariado durante o ano 2005. Expte 77/322

#### XUVENTUDE

- 25.- Solicitud de subvención á Consellería de Familia, Xuventude, Deportes e Voluntariado para actividades dirixidas á xuventude, promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías.
- 26.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **7 de febreiro de 2005**, ás 8,00 h. en 1ª convocatoria e ás 9,00 h. en 2ª convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. membros da Xunta de Goberno Local para a súa concurrencia puntual ó acto; notifíquese así mesmo á interventora xeral do Concello, D<sup>a</sup>. Berta Guarner González, e ó titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local ós voceiros dos grupos políticos da Corporación, e fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

me.

Vigo, 4 de febreiro do 2005.

A ALCALDESA

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Corina Porro Martínez

Lucia Molares Pérez.